



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



IES CANIDO

Rúa Navegantes, s/n
15401 FERROL (A Coruña)
CIF: Q-6555268-I
Tfno.: 981.352.763 Fax: 981.369.097
Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iescanido>
E-mail: ies.canido@edu.xunta.es



IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Materia	LINGUA E LITERATURA GALEGA	Nivel	2º BAC
Profesor/a	HENRIQUE DACOSTA	Curso	2021-2022

OBXECTIVOS e CONTIDOS

	OBXECTIVOS	CONTIDOS*
1ª AVA	<p>1 Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades e superar estereotipos lingüísticos</p> <p>2 Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e desviacións da norma</p> <p>3 Coñecer as características da literatura galega do primeiro terzo do século XX.</p> <p>4 Recoñecer o tema e elaborar axeitadamente un resumo dun texto.</p> <p>5 Interpretar criticamente os distintos discursos. Producir escritos mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.</p> <p>6 Acentuar correctamente e recoñecer os fonemas da lingua galega</p> <p>7 Definir palabras ou expresións engadindo sinónimos e antónimos Elaborar familias léxicas e campos semánticos</p>	<p>Unidade 1: -A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas. -As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.</p> <p>Unidade 2: -A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas. -Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.</p> <p>Unidade 3: -A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo). -O comentario de texto: resumo breve ou dunha parte del, estrutura, ideas principais e secundarias, intencionalidade, opinión do autor sobre algún aspecto que se indique.</p> <p>Unidade 4: - O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo</p>

		Nós. -Lingua: léxico e semántica, fonética e fonoloxía
	OBXECTIVOS	CONTIDOS
2ª AVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Diferenciar linguas minorizadas e minoritarias e coñecer a situación histórica e sociolingüística do galego no primeiro terzo do século XX 2. Coñecer e comprender a literatura como un produto cultural situado no contexto sociohistórico do franquismo. 3. Coñecer as causas que propician a recuperación da nosa literatura e a relación coas correntes europeas a partir dos anos 50 4. Coñecer os distintos Bloques e Áreas dialectais así como as súas características. Recoñecer e analizar as distintas categorías lingüísticas. Identificar os diversos tipos de textos, reflexionar sobre a súa estrutura e a organización da información 	<p>Unidade 5: - A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais. -Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.</p> <p>Unidade 6: -A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas). -O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.</p> <p>Unidade 7: -A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas. -O comentario de texto: resumo breve ou dunha parte del, estrutura, ideas principais e secundarias, intencionalidade, opinión do autor sobre algún aspecto que se indique.</p> <p>Unidade 8: -O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. - Lingua: morfoloxía: verbo e pronomes. Dialectoloxía.</p>
	OBXECTIVOS	CONTIDOS

3ª
AV
A

1. Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social do galego. Factores e procesos que desde 1936 o levaron á situación actual.
2. Coñecer a literatura galega do exilio así como a que se produciu desde fins do século XX ata a actualidade.
3. Coñecer a formación de palabras e as normas gramaticais así como o uso dun rexistro adecuado ás distintas situacións comunicativas
4. Coñecer as unidades lingüísticas, as funcións e as súas relacións.
5. Recoñecer e analizar os distintos tipos de textos en diferentes contextos, cun achegamento analítico que, partindo da globalidade, sexa capaz de chegar ás partes mínimas.

Unidade 9:

- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Unidade 10:

- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Unidade 11:

- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- O comentario de texto: resumo breve ou dunha parte del, estrutura, ideas principais e secundarias, intencionalidade, opinión do autor sobre algún aspecto que se indique.

Unidade 12:

- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.
- Lingua: o que reste de morfoloxía. Sintaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE e MÍNIMOS ESIXIBLES

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES
<p>1. Analiza os diferentes usos sociais da lingua, valor as súas variedades e supera estereotipos lingüísticos</p> <p>2. Diferencia as variedades internas da lingua e identifica as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p> <p>3. Coñece as características da literatura galega do primeiro terzo do século XX.</p> <p>4. Recoñece o tema e elabora axeitadamente un resumo dun texto.</p> <p>5. Interpreta criticamente os distintos discursos. Produce escritos mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.</p> <p>6. Acentúa correctamente e recoñece os fonemas da lingua galega</p> <p>7. Define palabras ou expresións engadindo sinónimos e antónimos-</p> <p>8. Elaborar familias léxicas e campos semánticos-</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recolle as ideas fundamentais secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. • Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. • Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega. • Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. • Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vanguarda e outros/as autores/as. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as causas que determinan a implantación social da lingua. • Coñecer a historia da Normativización da lingua galega • Coñecer a achega das Irmandades e do Grupo Nós á Cultura Galega nos distintos xéneros • Coñecer a poesía de vangarda e o contexto cultural no que se produce • Aprender a definir e identificar fonemas vocálicos e consonánticos • Producir familias léxicas de 8 palabras. • Acentuar correctamente e utilizar con rigor o til diacrítico. • Definir con corrección e ofrecer sinónimos e antónimos. • Recoñecer o tema dun texto • Transformar as ideas básicas nun resumo axeitado • Reflexionar criticamente sobre as ideas básicas do texto.

<p>2ª AV A</p>	<p>9. Diferencia linguas minorizadas e minoritarias coñece a situación histórica e sociolingüística do galego no primeiro terzo do século XX.</p> <p>10. Coñece e comprende a literatura como un produto cultural situado no contexto sociohistórico do franquismo.</p> <p>11. Coñece as causas que propician a recuperación da nosa literatura e a relación coas correntes europeas a partir dos anos 50.</p> <p>12. Coñece os distintos Bloques e Áreas dialectais así como as súas características.</p> <p>13. Recoñece e analiza as distintas categorías lingüísticas.</p> <p>14. Identifica os diversos tipos de textos, reflexiona sobre a súa estrutura e a organización da información.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. • Describe os trazos morfosintácticos, léxico semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos. • Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural. • Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. • Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. 	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenciar linguas minorizadas e minoritarias e comprender a situación do galego. • Coñecer o contexto histórico e sociolingüístico do galego no primeiro terzo do século XX. • Coñecer os efectos da represión franquista sobre a literatura galega. • Analizar as causas que propician a recuperación da literatura galega a partir dos anos 50. • Coñecer as variedades dialectais da lingua galega. • Coñecer os diferentes constituíntes das categorías gramaticais. • Estructurar textos de opinión xerarquizando as ideas principais e secundarias. • Producir reflexións críticas a partir das ideas básicas dun texto.
---	---	--	---

3^a A V A	<p>1. Coñece, analiza e reflexiona sobre a situación social do galego. Factores e procesos que desde 1936 levaron á situación actual.</p> <p>2. Coñece a literatura galega do exilio así como que se produciu desde fins do século XX ata actualidade.</p> <p>3. Coñece a formación de palabras e as normas gramaticais así como o uso dun rexistro adecuado á distintas situacións comunicativas</p> <p>4. Coñece as unidades lingüísticas, as funcións e as súas relacións</p> <p>5. Recoñece e analiza os distintos tipos de texto en diferentes contextos, cun achegamento analítico que partindo da globalidade, sexa capaz de chegar ás partes mínimas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Presenta os contidos de forma clara ordenada e con corrección gramatical cingüese ao tema e non divaga. • Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. • Recoñece as diferentes estruturas sintácticas e explica as relacións que se establecen empregando a terminoloxía axeitada. • Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. • Le e comenta textos representativos de poesía galega de 1916 a 1936, caracterízao formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico sociolingüístico. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o contexto histórico e sociolingüístico do galego desde o 1936 ata a actualidade. • Coñecer a literatura producida na diáspora entre o 1936 e o 1976. • Coñecer a literatura galega desde o 1976 ata a actualidade. • Coñecer os constituíntes das diferentes categorías gramaticais. • Analizar sintacticamente. • Analizar e argumentar criticamente diferentes propostas textuais.
--	---	--	--

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (basearase ao 100% na proba de exame escrita)

Comprensión do texto	2 puntos
Producción textual	2 puntos
Funcionamento da lingua	2 puntos
Lingua e sociedade	2 puntos
Educación literaria	2 puntos

PROCEDIMENTO DA AVALIACIÓN

Haberá 3 avaliacións, estruturadas da seguinte maneira:

1ª avaliación: celebrarase no mes de novembro, o día 24.

2ª avaliación: celebrarase no mes de febreiro, no día 23.

3ª avaliación: celebrarase no mes de maio, no día 18

avaliación extraordinaria: celebrarase no mes de xuño, no día 23.

Os exames, se así puidese ser, realizaranse á **tarde** para contar con 1 hora e media, coincidente co tempo dado nas probas ABAU.

Os períodos de clase por cada avaliación son arredor de 30 sesións, aínda que se adaptarán contidos segundo a marcha das mesmas.

Despois de cada una das avaliacións haberá una proba escrita para que aqueles alumnos que non acadasen una avaliación positiva poidan recuperala.